

31



Quercus robur L.

Quercus pedunculata Ehrh. ex Hoffm.

carballo

roble

ROBUR: forte, duro, pola dureza da madeira.



Árbore monoica de gran talla que pode pasar de 40 m. **Sistema radical** penetrante, cun eixe central grosso e recto e raíces laterais vigorosas e estendidas. **Tronco** dereito. **Cortiza** agrisada e lisa até os 20 anos, despois gretada e grosa, tomando unha coloración apardazada. **Copa** globosa, ampla e irregular.

Follas de 5-18 x 2,2-10 cm, caedizas, simples, alternas, membranosas, co pecíolo moi curto (2-7 mm), obovado-oblongas, irregularmente pinnatilobuladas ou pinnatífidas, obtusas no ápice, cordadas (*acorazonadas*) na base onde frecuentemente forman dúas pequenas aurículas, verde escuras mate na face e máis pálidas no envés.

Flores unisexuais, as masculinas coa envolta sepaloide de 5-6 divisións e 5-8 estames, agrupadas en amentos de 5-13 cm, colgantes e interrompidos. As femininas coa envolta sepaloide e lobulada e ovario ínfero provisto de 3 estilos soldados na base. As flores femininas están situadas no interior dun involucreo formado por numerosas escamas, agrupadas por 2-3 e situadas sobre un longo pedúnculo de 3-8 cm.

Floración coetánea entre abril e maio. A polinización é anemógama.

O **froito** é un aquenio ovoide-oblongo, de 20-40 x 8-18 mm, cor castaña e lustroso, situado sobre un longo pedúnculo de 25-120 mm. Cúpula leñosa de 8-15 x 15-20 mm. con escamas lousadas. **Semente** amarga, pouco oleaxinosa e rica en amidón. Madura en setembro.

Orixinaria de Europa, Asia e norte de África.

Habita en bosques caducifolios en terreos profundos, frescos e soltos.

É a árbore máis típica do país, a pesar de estar en franca regresión. É máis abundante no norte e oeste de Galicia.

Árbore de gran valor ornamental e paisaxístico. A madeira moi utilizada na construción naval, fabricación de travesas de ferrocarril, carpintaría e ebanistaría.

A cortiza contén taninos de utilidade para curtir peles e posúe propiedades adstrinxentes.

A leña é moi boa e o carbón obtido dela ten unha elevada potencia calorífica.

Híbrida con *Q. petraea* e *Q. pyrenaica*, dando lugar a exemplares de difícil distinción.

Verán



Outono



Inverno

